

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*ORDE do 28 de xaneiro de 2013 pola que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2012, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2013.*

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de marzo de 2012, establece, no seu artigo 43.1, que unha vez finalizado o correspondente exercicio orzamentario e, en todo caso, co día límite do 5 de febreiro do exercicio inmediatamente posterior, todas as corporacións locais financiadas consonte o presente decreto deberán presentar ante o órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, con atribucións en materia de servizos sociais comunitarios, a xustificación e avaliación da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais, así como o proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ano en curso. A esta data límite do 5 de febreiro tamén fai referencia o artigo 58.6 do dito Decreto 99/2012, do 16 de marzo, para a presentación, de maneira integrada coa documentación correspondente á xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais, da certificación do órgano competente da corporación local acreditativa do gasto realizado para o desenvolvemento do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia, e demais datos que se lle requiran en relación coa xestión deste servizo.

Debido á necesidade de actualización da aplicación informática posta en marcha o pasado ano 2011, a través da cal todas as corporacións locais teñen que elaborar necesariamente os formularios para a xustificación e avaliación da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2012, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2013, mediante o cal as corporacións locais lle solicitan financiamento para a prestación dos servizos sociais comunitarios da súa competencia, e dado que recentemente xurdiron problemas técnicos no desenvolvemento da dita aplicación informática, non é posible que esta aplicación estea dispoñible coa antelación suficiente para que as corporacións locais poidan cubrir os datos referentes ao financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais dentro do prazo establecido do 5 de febreiro de 2013.

Por todo o anterior, de conformidade coa disposición derradeira segunda do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu



financiamento, que faculta a persoa titular da consellería competente no Sistema galego de servizos sociais para ditar no ámbito das súas competencias cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación do presente decreto, e en concreto para o desenvolvemento mediante orde dos aspectos procedementais relativos ao financiamento dos servizos sociais comunitarios das corporacións locais, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, desenvolvida polo Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 109/2012, do 22 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar,

## DISPOÑO:

## Artigo único

Amplíase o prazo para a presentación da xustificación e avaliación da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2012, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2013, ata o día 5 de marzo de 2013, incluído.

## Disposición derradeira única

A presente disposición entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2013

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

